

## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DIA SETE DE XULLO DE DOUS MIL QUINCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás trece horas do serán do día sete de xullo de dous mil quince, réunese en primeira convocatoria os membros da corporación que se citan a continuación: Rocío Martínez Matinez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros , Ana Rodríguez Montero , Pablo Casas Cibreiro , Juan José Ramos Prieto José Esmoris Aldao baixo a Presidencia do alcalde Benigno Galego Castro. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

**1 Aprobación se procede, da acta do pleno reunido o días 13.06.2015.**Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a acta anterior. A concelleira Ana Rodríguez Montero matiza a súa intervención no pleno anterior e aclara que volvía a felicitar ao alcalde posto que xa o felicitara anteriormente

**2.-Periodicidade das sesións do Pleno .**Leida a proposta da Alcaldía seguinte : Ante a necesidade de establecer a periodicidade das sesións ordinarias do pleno, en cumprimento do disposto no artigo 38 e 78 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais e o artigo 210 da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia, esta alcaldía propón a adopción do seguinte **ACORDO: PRIMEIRO:** Establecer con carácter bimensual a periodicidade das sesións ordinarias do pleno do concello, sesións que se realizarán nos últimos quince días de cada mes par, agás no mes de decembro que se celebrará nos últimos vinte días do referido mes, polo que se celebraran plenos ordinarios os meses de febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro. Cerdido, 16 de xuño de 2015O alcalde. Benigno Galego Castro. **Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos presentes aprobaron a moción anterior .** 5 votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Matinez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros e o alcalde e catro abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero , Pablo Casas Cibreiro , Juan José Ramos Prieto José Esmoris Aldao .


O alcalde intervén para manifestar que os plenos ordinarios quedan establecidos como estaban antes .

**3.-Nomeamento dos representantes da corporación en órganos colexiados .**Leida proposta da Alcaldía que se copia deseguido : Logo da sesión de constitución do pleno do concello o pasado día trece de xuño de 2015 cómpre nomear os representantes do concello nos órganos colexiados do que sexa competente o pleno do concello, por todo isto esta alcaldía propón a adopción do presente **ACORDO:** Primeiro: Nomear como representante do concello no Consello Escolar do CEIP A Barqueira a Rocío Martínez Martínez suplente Benigno Galego Castro .**Segundo:** Comunicar á dirección do CEIP A Barqueira a adopción deste acordo. Cerdido, 15 de xuño de 2015.O alcalde Benigno Galego Castro. **Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos presentes aprobaron a moción anterior .** 5 votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Matinez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros e o alcalde e catro abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero , Pablo Casas Cibreiro , Juan José Ramos Prieto José Esmoris Aldao

**4.-Creación da comisión informativa de contas** Despois de ler a seguinte proposta : Ante a obrigatoriedade de creación da Comisión especial de contas e considerando as comisións de estudio, informe e consulta como órganos complementarios da organización municipal e de creación potestativa para os concellos de menos de cinco mil habitantes, e atendendo o disposto nos artigos 119 e seguintes do Regulamento de Organización e Réxime Xurídico das Entidades locais e os artigos 59,68 e 212 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte Acordo: **Primeiro: Crear a Comisión Especial de Contas**, o número dos seus membros será proporcional á representatividade no concello polo que a comisión estará composta por un número de tres membros correspondéndolle dous compoñentes o grupo municipal do PSOE, e un membro ó PP. A sesión ordinaria da comisión **terá carácter anual e reunirse os dez últimos días do mes de abril**, para o exame, o estudio e o informe da conta xeral do concello. Cerdido, 16 de xuño de 2015 O Alcalde. Benigno Galego Castro. Os **membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a moción anterior**

**5.-Nomear aos compoñentes da mesa de contratación** .Despois de que a secretaria léese a seguinte proposta que se reproduce deseguido : Ante a necesidade de nomear os membros da mesa de contratación, cando o órgano competente sexa o Pleno e atendendo o disposto no artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía como órgano de contratación acorda: **Primeiro:** Nomear como compoñentes da mesa de contratación con carácter permanente cando o órgano de contratación sexa o Pleno a: Presidente: Benigno Galego Castro, suplente Cándido Prieto Lago Vocais: 1.-Cándido Prieto Lago , suplente Rocío Martínez Martínez 2.-David Prada Aneiros , suplente Marina Tojeiro Martínez 3.-Ana Rodríguez Montero , suplente Juan Ramos Prieto 4.-Paula Díaz Tie, Secretaria – Interventora do Concello de Cerdido. Secretario: D. Daniel Rodríguez Fraguera suplente Cesar Yañez Carballeira, funcionarios do Concello de Cerdido. **Segundo:** Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dado o carácter permanente da mesa de contratación. Cerdido, 26 de xuño de 2015. O alcalde. Benigno Galego Castro. Os **membros do Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos presentes aprobaron a moción anterior** . 5 votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Matinez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros e o alcalde e catro abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero , Pablo Casas Cibreiro , Juan José Ramos Prieto José Esmoris Aldao

**6.-Dedicación exclusiva da Alcaldía** .Despois de que a secretaria lese a seguinte proposta que se reproduce deseguido :Dada a necesaria presenza da alcaldía para atender as responsabilidades e tarefas propias do cargo e atendendo o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985 de bases de réxime local, o artigo 225 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e o artigo 13 do Real Decreto 1372/1986 de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais esta alcaldía propón ó pleno do concello a seguinte proposta: **Primeiro:** A retribución por dedicación exclusiva do cargo da alcaldía ascenderán a un total de 1.649,44 € brutos mensual . Haberá dúas pagas extraordinarias , unha no mes de xuño e outra no mes de decembro polo importe dunha mensualidade que se devengaran dacordo coa normativa dos empregados públicos .Estas retribucións terán o seu incremento anual no mesmo porcentaxe que corresponda ós funcionarios deste Concello. **Segundo:** As retribucións percibidas serán incompatibles con calquera retribución con cargo ós presupostos das Administracións públicas e excluírá a percepción que se sinale para os membros da corporación por asistencias ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte agás os gastos de axudas de custo e indemnizacións e de gastos de viaxes. **Terceiro.** Na seguinte sesión do pleno será comunicada a aceptación expresa da dedicación pola persoa que ostenta o



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

cargo. Cuarto: En cumprimento do disposto no artigo 75.5 o presente acordo deberá ser publicado no Taboleiro de anuncios do Concello e no B.O.P e no Portal da transparencia .Cerdido, 26 de xuño de 2015. O alcalde. Benigno Galego Castro. Os **membros do Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos presentes aprobaron a moción anterior** . 5 votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Matinez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros e o alcalde e catro abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero , Pablo Casas Cibreiro , Juan José Ramos Prieto José Esmoris Aldao .

**O alcalde** intervén para manifestar que o soldo é o mesmo que na anterior corporación .

**7. Aprobación do Plan económico financeiro do Concello** . .Despois de que a secretaria lese a seguinte proposta que se reproduce deseguido :Posta de manifesto a situación de inestabilidade presupostaria no informe da secretaria -interventora do día 20.03.2015 co gallo do expediente de liquidación do orzamento do ano 2014 e realizado o Plan económico-financeiro asinado por Ana Rodríguez Montero o día 20.05.2015 .E dada a necesidade de dar cumprimento o disposto no artigo 23 da Lei orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e do artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, por el que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Presuspostaria , na súa aplicación as entidades locais .Esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo : **PRIMEIRO** . Aprobar o Plan económico-financeiro do Concello nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo.**SEGUNDO** :A efectos meramente informativos,remítirase o Plan Económico-financeiro a Dirección Xeral de Política Financeira da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e publicarase no BOP Cerdido , 29 de xuño de 2015.O alcalde .Benigno Galego Castro .Os **membros do Pleno, en votación ordinaria e por maioría unanidade dos presentes aprobaron a moción anterior** .

**A concelleira Ana Rodríguez Montero intervén** para aclarar que a situación económica é boa e que o plan financeiro débese a utilización dos remanentes .

### PLAN ECONOMICO FINANCIERA DO CONCELLO DE CERDIDO

#### **.I. Introducción**

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das entidades locais someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).

Entenderase por Estabilidade Orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. De acordo co artigo 11.3 e 11.4 da LOEPSF, as corporacións locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

Igualmente, deberase cumprir co principio de Sustentabilidade Financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de

déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Finalmente, avaliarase o cumprimento da Regra do Gasto, para os efectos que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade (1,50% para 2014).

Mediante Decreto de Alcaldía núm. 60/2015 de 20/04/2015 apróbbase a liquidación do orzamento municipal 2014, onde se pon de manifesto o incumprimento da estabilidade presupostaria .

Este feito implica a necesaria formulación dun Plan Económico-Financeiro que permita, no ano en curso e o seguinte, o cumprimento da regra de gasto, de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEPSF.

## **II. Contido e tramitación.**


De acordo co artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterà, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extrapresupuestarios en que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de acordo co previsto no informe a que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

E o artigo 116. bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu apartado segundo, dispón que adicionalmente ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, o mencionado plan incluírá polo menos as seguintes medidas:

- a) Supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custos.
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local.
- d) Racionalización organizativa.
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio lindeiro da mesma provincia.

O Plan Económico-Financeiro será presentado, no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, ante o Pleno da Corporación, quen deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses desde a presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

### III. Situación actual.

A liquidación do presuposto do ano 2014 ofrece as seguintes magnitudes

<b>1.-Debedores pendentes de cobro a fin de exercicio:</b>	<b>191.500,45 €</b>
a.- Debedores pendente de cobro presuposto corrente	193.072,54 €
b.- Debedores pendentes de cobro presuposto pechado	14.501,13 €
c.- de operacións non presupostarias	17.956,63 €
Cobros realizados pendentes de aplicación(-)	34.029,85 €
<b>2.--Acredores pendentes de pago a fin de exercicio</b>	<b>131.979,27 €</b>
a.-De presuposto corrente	102.478,01 €
b.- De presuposto pechado	660,94 €
c.-Outras operacións non presupostarias	28.840,32 €
d.- pagos pendentes de aplicación	0,00 €
<b>3.-Fondos líquidos de tesourería a fin de exercicio</b>	<b>38.408,93 €</b>
<b>4. Remanente de tesourería total ( 3+1- 2 )</b>	<b>97.930,11 €</b>
5.- Saldo de dubidoso cobro	5412,07 €
6.- Exceso de financiamento afectada	1,124,38 €
<b>Remanente de tesourería para gastos xerais ( 4 -5-6 )</b>	<b>91.393,66 €</b>
1.-Dereitos Recoñecidos Netos	1,192,997,67 €
2. Obrigacións Recoñecidas Netas	1.234703,21 €
<b>3. Resultado Presupostario (1 - 2)</b>	<b>-41.705,54 €</b>
4. Desviacións positivas de financiamento	1.124,38 €
5. Desviacións negativas de financiamento	1.074,92 €
6. Gastos financ. con remanente líquido tesourería gastos xerais	124.800,00€
<b>7. Resultado Presupostario axustado (3-4+5+6)=</b>	<b>83.045,00 €</b>

En relación ao análise da **ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA**, o informe de data realiza os seguintes cálculos:

Dereitos recoñecidos netos ( cap 1-7)	<b>1.192.997,67 €</b>
Axuste ingresos fiscais(-)	- 822,49 €
Axuste transferencias de capital e correntes pendente de ingreso ( -)	0,00€
Devolución PTE 2008-2009-2010	9121,97 €
Axuste de transferencias de capital e correntes. Cobros de exercicios pechados (+)	0,00 €
Dereitos recoñecidos netos ( SEC 95 )	<b>1.201.297,15 €</b>
Dereitos recoñecidos netos ( SEC 95 ) cos axustes antes explicados	<b>1.201.297,15 €</b>
Obrigación recoñecidas netas	<b>1.234.703,21 €</b>
Diferencia	<b>-33.406,06 €</b>

**III.3** En canto ao principio de **SOSTENIBILIDAD FINANCIERA**, e de acordo co artigo 4 da LOEPSF

1.-Dereitos recoñecidos netos ( cap. 1-5)	904,979,49 €
2.-Obrigas recoñecidas netas ( cap 1,2 e 4 )	820.701,18 €
<b>AFORRO NETO :</b>	<b>84.278,31 €</b>

De acordo co anterior, CUMPLE co principio de Sostenibilidade Financiera.


III.4 Finalmente, respecto al análises de la REGLA DE GASTO el Informe de Intervención pon de manifesto o seu incumprimento, de acordo cos seguintes cálculos:

Concepto	Liquidación 2013 OR	Taxa de referencia	Aumentos / diminución recadación	Limite regra de gasto	Liquidación 2014OR
Suma capitulo 1 a 7	1.080.573,49	1,50			1.234.685,21
(-)Gasto financiado con gastos finalista de outras admin. *	409.751,24				-511353,69
	CA.105.270,83				CA:199,983,86
	Diput. 340.480,41				Diput. 311,369,83
(+) Aumentos					
(-)=Investimentos financieramente sostenibles					-71,728,77
	670.800,25	1006,23		<b>671.828,48</b>	<b>651,602,75</b>

#### IV. Causas do incumprimento a estabilidade presupostaria .

Atendendo a criterios presupostarios, a Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Presupostos das Entidades locais, dispón que as aplicacións ao presuposto dos ingresos contidos no remanente de tesouraría recolleranse, ao longo do exercicio, no capítulo 8 do presuposto de ingresos de cada entidade local, sen que en ningún caso tales ingresos poidan formar parte dos créditos iniciais do presuposto. Considerando o exposto, o remanente de tesouraría configúrase como un ingreso financeiro cuxa utilización esixe a tramitación dun expediente de modificación presupostaria para destinalo ao financiamento do fin imposto por unha norma con rango de lei de forma que, se financia gastos de carácter non financeiro, dará lugar necesariamente a un incumprimento do principio de estabilidade presupostaria e, posiblemente, o límite fixado pola regra de gasto.

En relación aos efectos da estabilidade presupostaria a esta utilización do remanente e seguindo as consideración recollidas na plataforma de COSITAL network do Director do Observatorio de Estabilidade Presupostaria da Intervención xeral do Estado ( IGAE) de data fecha 17 de maio de 2013 considero que :



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

O remanente de tesouraría configúrase como un ingreso financeiro que, financia gastos de carácter non financeiro, dará lugar necesariamente a un incumprimento do principio de estabilidade presupostaria e, posiblemente, do límite fixado pola regra de gasto e esixirá a aprobación dun plan económico financeiro, posto que, conforme á normativa actual, xera inestabilidade presupostaria no momento de executar a modificación presupostaria,

O remanente de tesouraría, aínda cando se configura contablemente como un activo financeiro, a súa natureza identificaríase co aforro que xera unha entidade local nun exercicio como consecuencia do desfase entre a execución duns ingresos presupostarios e as obrigas recoñecidas ás que están afectados de forma tal que ese aforro haberá de ser utilizado como fonte de financiamento das obrigas de exercicios posteriores a aquel no que se obtivo

En consecuencia, non cabe admitir que a utilización do remanente de tesouraría afectado por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural, é máis, habería de identificarse cunha situación de superávit presupostario no momento da liquidación do presuposto.

Sentada a natureza do remanente de tesouraría afectado cabe entender que os seus efectos sobre a situación económico financeira dunha entidade local en nada coinciden cos derivados doutros recursos financeiros que esixen un reembolso das cantidades recibidas e por iso parece lóxico que o tipo de medidas a implementar no plan económico financeiro deban acomodarse á situación descrita.

Sobre a base do exposto, cabe afirmar que a recuperación dos obxectivos de estabilidade presupostaria e, se é o caso, da regra de gasto, incumpridos pola utilización do remanente de tesouraría afectado se lograría coa simple aprobación do presuposto do exercicio seguinte en situación de equilibrio presupostario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural ningunha dada a natureza do remanente de tesouraría afectado no ámbito da Administración local. Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se poderá limitar a expoñer a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida.

### **V.-Medidas a adoptar para corrixir a situación.**

Á vista do anterior, como consecuencia do incumprimento da estabilidade presupostaria do Concello de Cerdido debe aprobar un Plan Económico Financeiro conforme á LOEPSF pero non sería necesario a adopción de ningún tipo de medida xa que o incumprimento da citada regra está máis que xustifico.

Neste sentido, cabe dicir que o presuposto municipal para o exercicio 2014 foi aprobado inicialmente por acordo plenario do 12 de decembro de 2014, o cal foi elevado a definitivo unha vez finalizado o período de exposición pública sen a presentación de alegacións.

O presuposto municipal de 2014 cumpre cos obxectivos de estabilidade presupostaria tal e como queda exposto no informe de Intervención que o acompaña e como así se remitiu o Ministerio de Facenda

Presupuestos de Entidades Locales - Windows Internet Explorer

https://serviciotelematicos.minhap.gob.es/presupuestos2015/asp/F3\_2\_ResumenEstabilidadPresupuestaria.aspx

Presupuestos de las Entidades locales para 2015

Entidad Local: 11-15-025-AA-000 Cerdido

F.3.2 Informe Evaluación - Resultado Estabilidad Presupuestaria Grupo Administración Pública

Entidad	Estabilidad Presupuestaria				
	Ingreso no financiero (1)	Gasto no financiero (1)	Ajuste S.Europeo Cuentas2 (2)		Capac./Nec. Financ. Entidad
			Ajustes propia Entidad	Ajustes por Operaciones Internas	
11-15-025-AA-000 Cerdido	1.043.200,00	1.043.200,00	1.454,53	0,00	1.454,53

(1) Si entidad tiene presupuesto limitativo - correspondera con los gastos e ingresos no financieros del presupuesto (Cap. 1 a 7)  
Si entidad con contabilidad Empresarial - correspondera con los gastos e ingresos no financieros (ajustados al SEC)

Capacidad/Necesidad Financiación de la Corporación Local 1.454,53

**LA CORPORACIÓN LOCAL CUMPLE CON EL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA**

Observaciones y/o consideraciones al Cumplimiento/Incumplimiento del Objetivo de Estabilidad Presupuestaria del Grupo de Entidades que están dentro del Sector Administraciones Públicas de la Corporación Local

---

Presupuestos de Entidades Locales - Windows Internet Explorer

https://serviciotelematicos.minhap.gob.es/presupuestos2015/asp/F3\_5\_Firma.aspx

Presupuestos de las Entidades locales para 2015

Entidad Local: 11-15-025-AA-000 Cerdido

F.3.5 Comunicación de datos y firma de Informe de Evaluación cumplimiento de objetivos Ley organica 2/2012.

Comunico los datos correspondientes al Informe de Evaluación de cumplimiento de objetivos que contempla la Ley Organica 2/2012, y que suponen que el Presupuesto de las Entidades que forman parte del sector Administraciones Públicas de esta Corporación:

**Cumple el objetivo de Estabilidad Presupuestaria**  
**Nivel de deuda viva es 0,00**

Informe de evaluación del que debe tener conocimiento el Pleno de esta Corporación.

Observaciones de la Intervención a la información que se comunica:


Inicio Traductor automático... Oficina Virtual para la... Presupuestos de Enti... 5 OpenOffice.org 3.3 informes liquidacion 2014 100% 12:37

## VIN. Conclusiones.

Analizada a situación económica do Concello de Cerdido derivada da liquidación do presuposto 2014, podemos afirmar que, en xeral, as magnitudes presupostarias son claramente positivas.

**Cumpre co obxectivo de regra de gasto**, botando unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable ao peche do exercicio de €, cunha variación de gasto computable de:





## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

**Cumpre co límite de débeda establecido 0,%**

**Non excede do Período Medio de Pagamento establecido: -19 ,43**

**Remanente de tesoureira positivo :91.393,66 €**

**Resultado presupostario positivo :83.045,00**

A Alcaldesa, 20 de maio de 2015. Asinado Ana Rodríguez Montero

**8.-Aprobación da Conta xeral 2014.** Despois de que a secretaria lese a seguinte proposta que se reproduce deseguido : Unha vez tramitado o expediente da **Conta Xeral de 2014** , informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do día once de maio de 2015 e rematado o prazo de exposición ó público iniciado coa publicación do anuncio no BOP do 19.05.2015 , e considerando aplicable a seguinte lexislación : 1.- Artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 , do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , cómpre someter ó pleno a seguinte proposta: **Primeiro.-** Aprobar a Conta Xeral de 2014 que figura na documentación do expediente e que comprende o Balance , conta de resultado económico patrimonial , estado de liquidación presupostaria e memoria así como anexos da conta , as actas de arqueo das existencia en caixa e certificacións das entidades bancarias. **Segundo.-** Remitirlle un exemplar da Conta Xeral ó Consello de Contas de Galicia . Cerdido , 18 de xuño de 2015. O alcalde. Benigno Galego Castro . **Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a moción anterior .**

**A concelleira Ana Rodríguez Montero** entende que debería haber mais documentación porque hai novos concelleiros que a descoñecen

**O alcalde** afirma que non hai problema que a saída se facilite unha copia e que nesta situación estaban eles antes .

**9.-Expediente de modificación de crédito 7/2015 .Suplemento e crédito extraordinario financiado con Remanente de Tesourería .** Despois de que a secretaria lese a seguinte proposta que se reproduce deseguido : **PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 7/2015, CRÉDITO EXTRAORDINARIO - SUPLEMENTO DE CREDITO VIXENTE PRESUPUESTO MUNICIPAL PARA O ANO 2015.** Vista a relación de gatos que se pretende realizar neste expediente de modificación de créditos 7/2015, xustificando na necesidade de dotar duna aplicación presupostaria para a cubrir gastos non previstos par realizar investimentos en materia de augas , reparación de camiños e alumeados públicos e investimento en instalacións culturais .E, unha vez tramitado o expediente administrativo e considerando o disposto no informe da secretaria-interventora do día 01.07.2015 e atendendo o disposto nos artigos 177.2 do Texto refundido da lei 39/1988, de 28 de decembro reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 , o artigo 37 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril os artigos 8 e 9 das bases de execución do actual presuposto municipal.

Esta Alcaldía, propón a adopción do seguinte ACORDO:**Primeiro:** Aprobar a modificación de crédito, suplemento de crédito e crédito extraordinario 3/2014 no vixente presuposto municipal con cargo o remanente de tesourería do ano 2014, segundo seguinte resumo:gastos :

**GASTOS**

Aplicación orzamentaria		descricao	importe	proxecto
334	639.00	Invest. reposición (Fondo comp. Ambiental Esc.Avispeira)	5.641,79 €	2015/3/16/16
334	639.00	Investimento de reposición	9.358,21 €	
1532	639,00	Investimento de reposición	10.000,00 €	
161	629.00	Outros invest. asociados o funcionamento dos servizos	7.000,00 €	
161	639,00	Investimento de reposición	5.000,00 €	
165	629.00	Outros invest. asociados o funcionamento servizos	15.000,00 €	
		<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>52.000,00 €</b>	

**Ingresos:**

Partida	Concepto	Importe
870 100	Remanente tesoureira para financiar modificacións de crédito	52.000,00 €

**Segundo:** Proceder a seguir os tramites que establece a lexislación vixente en relación a tramitación deses expedientes, procedendo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Cerdido , 1 de xullo de 2015.O alcalde .Benigno Galego Castro .**Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos presentes aprobaron a moción anterior** . 5 votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Matinez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros e o alcalde e catro abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero , Pablo Casas Cibreiro , Juan José Ramos Prieto José Esmoris Aldao .


**O alcalde** explica o contido do expediente e aclara que a partida de 5641,79 é a achega necesaria do Concello para realizar o proxecto de eficacia enerxética na escola de Avispeira subvencionado en parte pola Xunta . A partida de 9358,21 e para realizar investimentos en edificios culturais como a casa da cultura para poder botarlle unha capa de fibra na fachada e evitar as humidades e para o Castro , o investimento de 10.000,00 euros é para asfaltado de pistas aínda sen concretar , a de 5000,00 euros e para ir empezando a facer as arquetas de mostras nas fosas sépticas e da 7000,00 e para abastecementos de auga e a de 15.000,00 é para novos puntos de luz solicitados en Seixas , Fercoi e Carballás

**A concelleira Ana Rodríguez Montero** solicita saber que punto se instalará en Seixas e se vai a reformar a terraza do edificio de vivendas municipais

**O alcalde** acláralle que o punto de luz solicitouno Felicitas e que na terraza baixa levantar a plaqueta e botarlle fibra para evitar as humidades do baixo .

**Control e fiscalización dos órganos da Corporación:**

**10-Dar conta das Resolucións da Alcaldía en materia de nomeamento de tenentes de alcalde e delegacións da alcaldía.** A secretaria deu lectura o Decreto da Alcaldía que se transcribe a continuación : Unha vez realizado o Pleno de Constitución da nova corporación elixida tras as eleccións municipais do día 24 de maio de 2015 e en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,( RXOFEL ) RESOLVO: **PRIMEIRO.** Designar como Tenentes de Alcaldes do Concello de Cerdido aos seguintes



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Concelleiros 1º Tenente -alcalde Rocío Martínez Martínez, 2º Tenente -alcalde Cándido Prieto Lago, 3ª Tenente-alcalde Marina Tojeiro Martínez, Aos tenentes de alcalde nomeados, logo de aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a tales, substituír o alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite este para o exercicio dos seus atribucións. **SEGUNDO.** Delegar a favor do tenente de alcalde Rocío Martínez Martínez o o labor específico de Concelleira de Cultura e Educación a 2º Tenente alcalde Cándido Prieto Lago como Concelleiro de Facenda, Promoción Económica e Turismo e 3º Tenente Alcalde Marina Tojeiro Martínez como Concelleira de Benestar Social e Igualdade e o concelleiro David Prada Aneiros como concelleiro de Deportes, Festas e Feiras. A presente delegación ten a consideración de delegación especial relativa a un determinado servizo e abarcará a dirección interna e a xestión dos servizos así como a facultade de xestionalos en xeral de conformidade o establecido no artigo 43.5 b) do ROFRXEL

**TERCEIRO.** Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación neste, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde. **CUARTO.** Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre. Dado en Cerdido a quince de xuño de 2015

**11 -Dar conta da constitución dos grupos municipais.** A secretaria deu lectura os escritos presentados onde se pon en coñecemento a existencia de dous grupos políticos municipais. Grupo do PP composto por Ana Rodríguez Montero como voceira, Pablo Casas Cibreiro, Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao, e grupo municipal do PSdeG-PSOE composto por Benigno Galego Castro, Rocío Martínez Matinez, Cándido Eusebio Prieto Lago como voceiro, Marina Tojeiro Martínez e David Prada Aneiros

E, non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia na orde do día, a presidencia deu por rematada a sesión sendo as trece horas e vinte minutos do día sete de xullo de dous mil quince.

**Do que eu como secretaria, dou fe:**

O Alcalde

A Secretaria

Benigno Galego Castro

Paula Díaz Tie